



O FARELO

Nº25
Xaneiro de 2019
Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

"Deseucalip-
tización",
elixida Palabra
do Ano 2018



Páxina II

Expourense
posicionase no
calendario de
feiras
internacionais



Páxina IX

Monforte
presidirá a
Comisión de
Turismo da Rede
de Xuderías de
España



Páxinas X

Sober acepta a
tarifa
simplificada da
Sociedade de
Autores



Páxina XIII

Monção promove
acción de fogo
controlado em
Covas e
Sapardos



Páxina XVIII



A Xunta apoia a candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial

Páxina XVI

Entrevista



Cris Villegas, de Vilagarcía
de Arousa a Palencia,
unha vía a través da Arte
na defensa da Natureza

Páxina VI



"Deseucaliptización", elixida Palabra do Ano 2018

'Feminismo' e 'sororidade' foron os seguintes termos máis votados nun ano marcado polas reivindicacións de igualdade entre mulleres e homes

Con máis da metade dos 5.724 votos emitidos, “deseucaliptización” resultou elixida a Palabra do Ano 2018. O termo sumou 3.114 apoios na iniciativa promovida polo Portal das Palabras, o proxecto web da Real Academia Galega e a Fundación Barrié para a divulgación do léxico galego. O vocábulo gañador, que reflicte un aspecto destacado na crecente preocupación social pola xestión do monte galego, impúxose aos outros cinco finalistas, todos eles cunha importante carga informativa relacionada con acontecementos que marcaron a actualidade dos últimos doce meses. A segunda palabra máis popular foi, de feito, con 1.032 votos, feminismo, nun ano cheo de reivindicacións en todo o mundo da fin da desigualdade por motivos de xénero. Este ambiente tamén se reflectiu na presenza na final de sororidade, que acadou 641 votos, e apoderamento, con 316. Entre estes dous termos colocouse faríña, con máis de medio milleiro de votos nunha listaxe que pechou fascismo.

Non é a primeira vez que a preocupación pola xestión do

monte deixa pegada na elección da Palabra do Ano. En 2017 venceu afouteza, pero entre as finalistas estiveron vaga de lumes e a forma oposta á gañadora de 2018, eucaliptización. Desta volta a gañadora apela ao proceso de recuperación da masa forestal autóctona cando a plantación e reforestación indiscriminada dos eucaliptos provoca cada vez máis rexeitamento social, tanto pola pegada que deixan na paisaxe como polo seu impacto na biodiversidade e outros problemas asociados á súa proliferación, e non só en Galicia e no veciño Portugal, senón tamén noutros lugares do planeta como California.

Os neoloxismos eucaliptización e deseucaliptización describen esta tendencia da nosa masa forestal e o seu reverso. Aínda que non figuran non Dicionario da Real Academia Galega, axústanse ás regras de formación de palabras propias do noso idioma. A partir do substantivo eucalipto e mediante a sufixación, xurdiu o verbo “eucaliptizar”. Engadindo o prefixo des-, co sentido de negación ou privación, compúxose o termo “deseucaliptizar”, e de aí deseucaliptización,

que sería o substantivo que indica acción.

Pero vaíamos á raíz do termo. Co nome de eucalipto désignase un xénero de árbores, orixinarias maioritariamente de Australia, que inclúe diferentes especies. A súa incorporación á flora das latitudes europeas é relativamente recente. A Galicia chegou a través do padre Rosendo Salvado, que se instalou en Nova Nursia coa misión de evangelizar aquelas terras. O eucalipto débelle o seu nome ao botánico francés Charles-Louis L'Héritier, quen no s. XVIII bautizou como Eucalyptus obliqua a árbore que chegou ao British Museum proveniente da famosa expedición do capitán James Cook. O primeiro termo do seu nome científico está formado pola unión


de dous elementos de orixe grega: o prefixo eu-, que significa ben, e kalíptós, que significa cuberto, referido á cápsula das súas flores; mentres que obliqua remite á forma da base das súas follas cando son adultas, tal e como explica este Mira que din do Portal das Palabras.

De corrupción a afouteza

O Portal das Palabras é un proxecto da Real Academia Galega e a Fundación Barrié para a modernización do traballo lexicográfico e a popularización da nosa lingua. Cada semana, desde esta plataforma ambas as institucións ofrecen xogos, vídeos e outros contidos divulgativos que conectan o léxico galego coa realidade cotiá e a actualidade dun xeito ameno. “A palabra do día” é outra

das seccións deste espazo aberto ao diálogo coas persoas usuarias. Dando un paso máis nesta dirección, desde 2014 convida a todas as persoas que o desexen a participar na elección da Palabra do Ano. Nas edicións anteriores foron elixidas afouteza (2017), irmandade (2016) -cadrando co centenario das Irmandades da Fala-, refuxiado/a (2015) e corrupción (2014).

O traballo conxunto entre a Real Academia Galega e a Fundación Barrié permitiu tamén levar a cabo as últimas actualizacións do Dicionario da Academia, que fan posible un uso máis personalizado e interactivo, e o desenvolvemento de aplicacións para empregalo desde teléfonos móbiles e tabletas con sistemas iOS e Android.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PORTUGAL:** Hilaria Albertina Dantas Antelo - Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho – **MADRID:** Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal – **NOVA IORQUE:** Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



**Xornal Cultural
para o Lecer**

Por Rafael Jos3 Adalid Rodr3guez

Renace a tradici3n oral, o poder da palabra e a cultura

Tempo de escoitar o replicar da choiva nas tellas, o estralo do casti3eiro onde as muxicas emulan ser estrelas viaxeiras, a escarcha das follas ciscadas cal choiva que adormece no cami3o, o berro da raposa famenta que na procura de repouso alenta. Tempo de choiva e fr3o, de ficar na casa en compa3a coa transmisi3n do mestre e o aprendido, de prender as chamas que alumean o pote, de fume-galas candeas que en regos brotaron no d3a de San Mart3o.

Tempo de creatividade, de imaxinaci3n, de debuxo e descri3n da mirada perdida que recrea entre as lapelas incandescentes.

Tempo de nubes baixas, historias, contos e Compa3as. Tormentas, churvaradas e pedras polos Nubeiros anheladas, de Donas en serpes enmeigadas, que en conxunci3n co xurdimento de poboaci3ns asolagadas outras figuras acompañan. Mouras que dende o outro lado do arco da vella limpan tesouros,

Mouros 3 que non deixamos de iralles polo ouro. Cavidades, protuberancias e elementos acuíferos nos que outrora coincidimos. Tratos esvaecidos e pola avaricia... cartos perdidos.

Terra onde o enxe3o popular 3 quen de vencer 3 demo, mais esmorece ante os creadores da moralidade... perante acci3ns, crenzas e rituais alterados, borrados e impostos pola cristiandade, cal no mellor dos casos s3 refungaba ante quen nela, non exerc3a a xenuflexi3n.

Apalpadores, Pandigueiros, Reis e rechonchos mercant3s. Alegr3a, corazi3n, esperanza, ilusi3n, inocencia e sorrisos m3stranse durante a celebraci3n do solsticio de inverno. 3poca na que as lembranzas, r3quiems de finados, abluci3ns e adoraci3ns a di-

vindades, al3n do seu recordo ou a3nda persistente, ser3n quen de permanecer fronte o leteo temporal grazas 3 escrita.

Palabras, frases, oraci3ns e enunciados. Devoci3ns ante verborreas equ3vocas que os lobos departen 3s ovelas, que provocan que dende a3os ansi3n xuntarse. Poder primixenio, enaltecedora, produtora de arengas a veces



Bandada de estorninos en Ourense.

falsas ou encubertas, que metamorfean dereitos e metas alcanzables, en vil aire que enmascara noso rostro co influxo do vento.

Benditos virtuosos das letras que 3 azar anuncian amor, tenrura e paix3n. Mais vana de receptores, que fan que encallen as sombras que emite o es-

curo, que afaste a sinapse diacr3nica producida entre o trinomio cultura, entorno e medio, na conformaci3n individual e social do ser.

Inapetencia que en n3s, pode estar xa asumida. Non miramos o dedo, fix3monos no partir da gaivota, no voo da bolboreta, no repouso dos patos. Mais non voamos, non recreamos o noso voo, conform3monos ata que nos tocan o noso ni3o, e para iso... seguimos buscando follas e ramas con que facer o seguinte.

3 hora de sermos estorninos, de crear cultura e por conseguinte, conciencia e pa3s.

Con este 3ltimo par3grafo, remato agradecendo de forma sincera e orgullosa a todos aqueles implicados que crean, dan respostas e rescatan aspectos culturais. Sobre todo aqueles que, sen m3is beneficio que a satisfacci3n do creado, son quen de atopar o reflexo da felicidade nas augas cristalinas; de conformarse co efecto cat3rquico fronte o esforzo humano, econ3mico e temporal empregado.



Por Zita Leal. Professora (aposentada)

Onde 3 que se aprende mesmo a viol3ncia?

Estudei cerca de vinte anos, trabalhei trinta e sete em v3rias escolas e nunca encontrei um professor que ensinasse essa mat3ria. Mas ela existe e anda por a3 3 solta ao servi3o de novos e velhos, muito ou pouco instruídos. Tem que ser ensinada, divulgada e passeia-se por ruas, bairros, estabelecimentos de ensino e lazer. Mas quem a ministra 3s crian3as, aos adolescentes? Ando mesmo intrigada.

Raro 3 o dia em que n3o se pavoneie pelos meios de comunicaci3o mostrando navalhas, pistolas, machados, 3cidos mortais. Entre colegas de escola, veste-se de muros, socos, bofetadas, pontap3s, arranca aplausos dos assistentes e faz uma figura3a nas redes sociais. Est3 na moda a magana. E eu interrogo-me sobre onde e quem ensina os beb3s dos "faces", aqueles ternurentos que rebolam e d3o beijinhos

aos animais de estima3o, a tornarem-se maquiav3licos enraivecidos que gozam quando espancam, quando agredem gratuitamente o colega que o incomoda por ser caladinho, t3mido, gordinho, s3 porque sim? Nos tempos de antanho, nos recreios de escola, n3o d3vamos "a outra face" n3o, mas bat3amos por uma bola rebentada, por um bico de l3pis partido, por n3o gostarmos que nos chamassem caixa de 3culos, mas n3o era para aleijar muito, muito menos para matar.

E os namoros modernos? Beijos roubados andam a perder terreno em detrimento de lambadas acompanhadas de mimos verbais que trazem as m3es 3 arena sem saber ler nem escrever. Os bilhetinhos de amor que noutros tempos se metiam dentro de sebatas ou livros trocados num intervalo de aula s3o substituídos por mensagens eletr3nicas

com insultos e amea3as por vezes muito s3rias. Onde 3 que estes modelos se ensinam? Sob telhados de mais ou menos vidro, n3o raro s3o ouvidas frases do g3nero "3s uma est3pida, ignorante, at3 tenho vergonha que sejas minha m3e", etc, etc. As m3es amea3am tirar o telem3vel, cortar a semana, n3o comprar o top cob3ado na boutique do centro comercial e ficam-se por a3. Os pais muitas vezes fingem-se desatentos, at3 porque o Real Madrid est3 a mostrar como 3 que um madeirense marca golo e isso 3 muito mais importante do que a educa3o da filha. E para tal tarefa est3 a escola que 3 para isso que os profsrecebem um ordenado pago pelos seus impostos. Cambada de parasitas a viver 3 conta do Estado e o Estado somos n3s, pois ent3o. Devo confessar que nunca vi nenhum destes meus colegas ensinar a tal disciplina, a viol3ncia. E volto 3 quest3o: onde 3 que as crian3as, os adolescentes aprendem a ser cru3s?

N3o podemos ignorar, nem assobiar

para o lado. O futuro Portugal ser3 governado por eles e a responsabilidade 3 toda nossa. Tantas mudan3as na Educa3o, tantos powerpoints estrangeiros a mostrar como se educa nos pa3ses do norte, que esses sim 3 que s3o bons, tantas t3cnicas, tantos acordos e n3s n3o somos capazes de educar para a Paz?

Nem me quero a imaginar a dizer que no antigamente 3 que era bom, que a outra senhora 3 que sabia. Tirem-me desse filme!

Neste primeiro dia do ano e quando quero escrever um voto de algo bom e adequado aos tempos que correm, n3o encontro as palavras bonitas e carinhosas com que gostaria de vos mimar. Na minha cabe3a s3 uma martela teimosa: PAZ! PAZ! PAZ!

Um novo ano cheio de paz para todos
(Tomado do Minho Digital)



Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Dimensionarmos o de Sabela

Desejava de te ver, trinta dias cada mès

cada semana o seu día e cada día umha vez. (*)

(*) Tris tras- Marful

A participación de Sabela Ramil no programa Operación Triunfo da TVE, cantando en lingua galega en tres ocasións, xerou unha grande simpatía na cidadanía galega, amosando unha vez máis que case todos, galegofalantes e non galegofalantes, asumimos a nosa lingua como un patrimonio común moi valioso, visibili-

zando que a lingua galega ten futuro e serve para cantar, amar, traballar e crear.

Cantando Tris tras tamén visibilizou a ortografía internacional do galego, inxustamente tratada dende o Poder durante tantos anos e a proximidade do galego co portugués, xerando interese no público portugués e brasileiro. Unha importante achega para a precisa conexión cultural e empresarial galega co mundo da lusofonía.

Esta historia amosou tamén que a España da lingua e da cultura única é moi forte canto á súa representación

na política e nos media, mais bastante menos na cidadanía, nomeadamente entre a xente máis nova, que ve con naturalidade que os galegos falemos galego e os cataláns catalán. E que o vería con moita máis naturalidade se os media estatais visibilizaran que o Estado español non só fala en castelán, como aínda millóns de españois semellan acreditar.

Porén, non é tan positivo que só lle deamos valor ao noso cando trunfa en Madrid ou se reflicte dende Madrid. Porque o éxito ou a aprobación en España non habería ser nunca o parámetro para avaliar os nosos produtos culturais. A cultura galega precisa ser consumida pola nosa cidadanía polo

que é e polo que achega, sen necesidade do seu éxito alén das nosas fronteiras. Se Manolo Rivas non escribira na prensa madrileña sería igual de bó.

Cando se cumpren 25 anos do Xabarín, que conquistou para a galeguidade unha xeración enteira, fenómenos como o da nosa Sabela reflicten a necesidade de termos referentes de éxito e modernidade para a nosa xente nova e de valorar a xeito a magnífica riqueza cultural que hoxe ofrecen os creadores galegos en todas as artes.



Por Manuel Blanco Villar

O noso maior tesouro

O Museo Casa do Patrón, o gran conxunto etnográfico da Galicia interior, ese máximo lugar habitado polas musas, do que parten dúcias de iniciativas culturais ao longo de cada ano, que ten a honra e a responsabilidade de albergar milleiros de restos arqueolóxicos do Castro de Doade e centos de apeiros cunha morea de anos as súas costas, que foron utilizados noutras épocas polos nosos devanceiros da terra galega, está repleto de tesouros que agochan un enorme valor histórico, turístico e cultural.

Pero o noso meirande valor non son os edificios nin as pezas do Museo, nin os deliciosos manxares da comida tradicional do restaurante, nin a restaurada e coidada aldea de Codeseda,

toda unha referencia para o mundo rural galego, nin sequera a impresionante puxanza verde dos extensos soutos de castiñeiros e carballeiras que conforman a paisaxe que nos asolaga, ou a contorna biosaudable de "Entre Ríos" cos seus muíños de regueiro en funcionamento, a impresionante atalaia do Castro de Doade sobre o val do Asneiro, o único castro escavado e visitable da zona ou as Rutas de sendeirismo, que invaden os camiños e carreiros de Ribas do Asneiro, senón o compoñente humano representado polo gran equipo de traballo do museo, os nosos queridos veciños de Doade e parroquias limítrofes e sobre todo, polos milleiros de visitantes que estamos a recibir de toda procedencia e condición, que tratamos co esmero,

cariño e respecto que se merecen, para tentar cubrir na medida do posible as expectativas e ilusións que quizais lles tiñamos xerado antes de coñecernos.

Aínda que valoramos por igual a totalidade das nosas visitas, dándolle a máxima importancia a todas e cada unha delas, se tivéramos que elixir, o noso maior tesouro sería, sen dúbida algunha, os milleiros de nenos procedentes de máis dun cento de colexios galegos que, acompañados polos seus mestres, viñeron un ano máis a compartir xornadas enteiras de cultura e lecer cos guías da Casa do Patrón.

Son eles os futuros piares da nosa Sociedade cara os que, como humilde doa do colar da historia do pobo galego que nos consideramos, temos a ineludible obriga e a fermosa labor de transmitirle dun xeito lúdico e didáctico un anaquiño da sabedoría dos nosos antepasados, ensinándolle a mirar sempre nas cinco direccións, como facían eles: cara atrás, para saber de onde vimos; cara adiante, para saber a onde nos diriximos; cara aos lados, para ver quen nos acompaña nos momentos difíciles; cara abaixo, para non pisar xamais a ninguén e cara arriba para sentir que hai un Ser Superior que nos coida, e a valorar en todo momento a nosa cultura e a natureza que nos acolle, que despois de centos de séculos, continúa a ser o

noso único e verdadeiro fogar.

O traballo pagou a pena, se fomos capaces de devolverlles un chisquiño do bulicio, da alegría, do sorriso, das grandes leccións de humildade, amizade, sinceridade e inocencia cos que nos agasallaron e contaxiaron cada minuto da súa estadía na nosa Casa, que xa sempre será a súa, porque estamos seguros de que, cando medren e se fagan maiores, nun pequeno recuncho da súa mente e do seu corazón permanecerán escondidos algunha insólita imaxe e algún recordo inesquecible dunha casa feita por xente maior, coa ilusión dun rapaz: o Museo Casa do Patrón, o fogar de tódolos nenos galegos. Moitas grazas a todos polo voso cariño, bo Nadal e para o ano 2.019, seguiremos a vosa enteira disposición!



Por Nemésio Barxa

Batendo em ferro

Antes de finalizar o ano volvo sobre a minha teima em defensa da soberanía do noso idioma. Frente á limitación ou subsidiariedade a que nos confina a Constitución Española chegan noticias de como una nación europea, plurilingüista como é Suíza, non só outorga recoñecemento pleno ás súas catro linguas oficiais senón que, seguindo e aprobando o último informe da Corte europea das Linguas minoritarias, o Consello Federal (equivalente ao Consello de Ministros) recoñece dúas novas linguas que tamén serán oficiais: o arpitão e o franco-contés e non precisamente polo peso demográfico de falantes, pois o arpitão tem uns 140.000 falantes, mentras que o franco-contes aínda menos. Vese que o goberno suízo respeta o dereito dos seus nacionais a utilizar con normalidade seu idioma, sem depender da cantidade de falantes.

Desconheço os dereitos e axudas de

estes novos falantes oficializados para o emprego e normalización do seu idioma, aínda que presumo que se o goberno recoñece este dereito lingüístico será para garantir eficazmente seu uso. São linguas realmente minoritárias, mas o goberno é respetuoso com seus cidadãos, ás avessas que neste corrompido Reino, tal vez porque se nos considera súbditos, no que temos que aturar a constante agresión que no uso normal da nosa lingua sofremos polos poderes públicos tanto propios como do Estado, que nos limita e confina, e dos políticos que até são capazes de considerar que na Galiza está a desaparecer o uso do castelhaño ou que o castelhaño está sendo expulso das escolas. Nem Constitución nem políticos nem gobernos nem aínda o Borbón são mais respetuosos com nossa língua, aínda que este último fale de projeto común e compartido e de integrar sem excluir... uló? Na antiga Gallaecia nasceu um idioma que na actualidade é o terceiro

mais falado no mundo e que a potencia dominante, e seus mandarins aquí, pretendem dificultar-nos para logo impedir-nos seu uso (dando algo de corda para distinguir-se, só nas formas, do franquismo que directamente o erradicou), privando nos non só da fala propia senón tamén da riqueza intrínseca do propio idioma e sua difusión. Resulta importante observar que a defensa do idioma liga-se case exclusivamente a partidos políticos soberanistas, aos que querem ilegalizar os partidos centralistas que incluso (titular de La Razón, hoje) se pede aplicar o 155 da CE a toda uma geração em Catalunya; e sendo assim o mais fácil é que os falantes do galego careçamos de valedores que pulem pola normalización de seu uso.

Certamente é um milagre que as linguas aguentem o maltrato, desprezo, desconhecimento, exclusão e a erosão com a lingua alheia imposta e dominante. Na Bretanha, com uma população algo superior aos 4.000.000 de habitantes, na década que vai do 2.007 ao 2.018 estabilizou se o número de falantes em uns 200.000 aínda que, ao parecer, o

número de pessoas que coñecen a lingua bretã é do 40%. Tamén na Bretanha deveu influir nesse desuso da lingua

propria tanto o centralismo francés como os avatares polos que passou nos conflitos franco-alemães e posterior división territorial; precisamente nestes días o Consello Regional do Loira aprobou pedir un referendo sobre a reunificación da Bretanha, reunificación que considera chave para construír a soberanía do povo bretão, aguardando que isso tamén incentive a recuperación e normalización no uso do idioma.

Meus desexos de Ano Novo seguen a ser que os galegos recuperemos o sentimento de cariño e respecto pola nosa lingua que nos leve a utiliza-la com normalidade e a pressionar para que polos poderes públicos se tomen as medidas adecuadas de tal xeito que se nos eduque em galego, que se nos atenda em galego e que nossas conversas se realizem em galego.

Quinta do Limoeiro, nadal do 2.018



Por Manuel Estévez

Mau Ucha ou a beleza das margaridas pintadas cos dedos

Comezou a pintar nunha adega parisina. As fores sempre foran o motivo de inspiración e aínda continúan sendo, mais unha galerista francesa lle mercara un crucifixo e outra dama daquel mesmo país, unha tela, onde aparecía un barco a vela.

A familia ligada ao xornal "Le Figaro" para quen prestaba servizos domésticos, non dubidara naquela altura en pendurar nas paredes do seu piso "A Samaritana" e outros cadros, algúns sobre cartón, con margaritas e outras flores, icono da súa traxectoria pictórica.

No número 6 da Rua Santa Marta de Vigo ou mesmo dicir Bar Roucos, tamen coñecido como "A Capela Sixtina", que así bautizara o artista plástico, Antón Pulido, pódense ollar pinturas desta muller que nacera nun día dos enamorados no ano 1941, nunha gruta do Campo de Mouro, no

lugar de Mouriscados, en en terras de Mondariz.

Si, señor. Carmen Tato Sotelo, saíu do ventre materno polos pes, os mesmos que aos doce anos xa danzaban por festas e romarías de A Franqueira e outras que se celebraban nas aldeas próximas a fortaleza de Vilasobroso, ata aquela hora que tivo que embarcar no Porto de Vigo.

Subiu ao Begoña ladeada polo seu irmán, Xosé Luís e a nai, Carmen, con destino a Venezuela para reencontrarse con Xosé Ucha Ucha "O Rancheiro" que emigrara anos antes. O pai.

E si na terra natal, lle estusiasmaba a música da charanga "A Tomasa", no outro lado do Atlántico, seduciuna a "bandolina" do perruquero, Augusto Baldomero, de quen se namorara.

Sexa como for, a rapaza enfermou o pouco tempo e tivo que voltar a Galiza, onde non tardou en retomar os bailes pola bisbarra ata que chegou



aquela tarde-noite que as voces e guitarras de Manolo e Ramón ou mesmo dicir Dúo Dinámico, ecoaban nas ribeiras do río Tea no seu paso por Ponteareas "Quisiera ser...tu gran amor./Quisiera ser el eco de tu voz/para poder estar cerca de ti.", tal día se comprometera co home que sería o pai dos seus fillos e compañeiro da vida, Euxenio González.

Con él viaxou, esta vez en tren a Francia, primeiro instaláronse en Burdeos e mais tarde en París. Foi na capital, onde descubrira a faceta artística. Pintou moito alí, e nunca máis abandonou.

O regresar definitivamente a Vigo, cidade na que o seu home atopara

traballo en Barreras, ela seguiu plasmando frores ao mesmo tempo que vendía empanadillas e prensa, na entrada do Ambulatorio de Coia.

O decatarse Laxeiro o inolvidable pintor de Lalín, do talento da muller, non só a animou a que continuase a facelo, senón que lle propuxo exposicións, catálogos e financiamento para que se adicara solamente a pintura. Todo a apoio necesario que ela rexeitou, pois continuou o seu camiño cargando con panelas de empanadillas e os fillos no colo, tiña que seguir esa loita para comer.

Sexa como for, e moi raro que non exista algunha casa ou piso dalgún médico ou funcionario, que non teña un cadro asinado por MU ou mesmo dicir María Ucha.

Nas paredes do Santuario gastronómico a beira do convento de San Francisco onde a polifacética canta e reza, penduran as frores a carón doutras obras asinadas por grandes nomes da plástica de Galicia, entre eles o mesmo inolvidable inolvidable Xosé Otero Abeledo "Laxeiro", M. Caballero, Xosé Guillermo e mesmo de Xavier Lemos ou Barreiro.

Entrevista

Por Manuel Estévez

Cris Villegas, de Vilagarcía de Arousa a Palencia, unha víaaxe a través da Arte na defensa da Natureza.

Aínda que nada en Santander, o seu berce natal é Aguilar de Campóo. Mora en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra); Licenciada en Belas Artes cun extenso currículo as súas costas tanto en exposicións colectivas coma individuais, que a levaron a espazos e galerías de recoñecido alcume en España e a Coleccións Privadas de Holanda, EEUU, Alemaña e Francia.

Figura nunha morea de catálogos, entre eles: "Propuesta en un fin de siglo, 25 años de Arte Contemporáneo", Palencia (1975-2000); Javier Hernández Carrasco; "La Colección" da Xunta de Castela e León; tamén na Tesis de Antolín Laura, "Pintura y Escultura del s.XIX", Palencia.

A súa obra atópase en Coleccións públicas, Fondos adquiridos pola Xunta de Castela e León e a Consellería de Goberno de Cantabria ou do Concello de Betanzos (A Coruña), entre outros.

Cris S-Villegas, dende 2011 ao 2017 coordina, idea e dirige "Art Street" a que participan USC, os CONCELLOS DA COMARCA DO SALNÉS (Cambados, Illa de Arousa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa) asemade dos centros educativos de todos os devanditos concellos (CEPS, IES, CEE, AMPAS) e AACC desta comarca na SEMANA

MUNDIAL DA EDUCACIÓN ARTÍSTICA, convocada pola UNESCO.

En 2015 é recoñecida pola Comisión Nacional da UNESCO por organizar, idear, dirixir e executar o proxecto "Homenaxe a Joseph Beuys".

No 2017 inaugura o seu propio Espazo de Arte e Estudo, na avenida Doutor Moreira Casal 1, baixo; onde agora mesmo está a inaugurar unha exposición da súa paleta baseada na Natureza. Fundamentalmente aves captadas de xeito espontáneo, empregando para o seu desenvolvemento metais, pan de ouro oxidados nos fondos e óleos nos motivos que xorden nos planos principais sobre soporte de táboa.

A creadora foi a directora de diferentes Escolas de Arte: Escola de Arte de Aguilar de Campóo, Escola de Arte Liceo-Casino de Vilagarcía de Arousa, Escola de Arte Sienna en Vilanova de Arousa; na actualidade a dirixe no seu propio Espazo de Arte

Comenzará o ano expositivo 2019 en Palencia dende o 25 de xaneiro ao 25 de febreiro no Museo da Fundación Díaz Caneja – aquel pintor palentino que tamén levaba ao lenzo naturezas mortas e outras composicións.



Como foi o teu achegamento ao mundo da Arte?

Dende pequena sentían unha relación moi especial coas cores, foi algo natural, integrado. A miña nai daquela pintaba e a min todo aquel mundo parecíame máxico, tamén García trípticos de corte bizantina con pan de ouro e ensinábamolo a poñer Aínsa que llostra estragáramolo todo. De ahí, venme a min o emprego de pan de ouro, prata e bronce na miña obra. Xa podes maxinar o que inflúe a ensinanza dende nenos. A miña vida sempre estivo acompañada pola arte nunca foi algo diferente senón que formou parte da miña infancia.

Sempre dou gracias a miña nai por esta "educación artística" tan acertada e a todo o constante apoio que me brindou.

Cando comenzaches a pintar?

Dende que fun quen de coller algo na man para pintar. A nenez é unha etapa altamente creativa onde se ex-

perimenta creando con calquera obxecto facendo composición de moi libremente. Neste eido EU tiven moita sorte.

Estou altamente preocupada na Educación Artística na que sempre estou implicada xa que penso que é a base do ser humano "creativo"; neste campo Portugal é un importante referente.

Cal foi a túa primeira obra e cal é senlleira para ti?

Toda a miña vida está ligada a arte, aínda que é os dezasete anos cando din a pegada definitiva facendo a miña primeira exposición no Monasterio de Santa María de la Real en Aguilar de Campóo- Palencia, na miña terra.

Naquela época veraneaba o crítico de arte Santiago Amón a quen tiven o pracer de coñecer e tamén o que me animou a continuar pintando; feito polo que llegue estarei sempre agradecida.

Nesta época de consolidación, a obra miña que máis me marcou foi unha peza de grande formato que fixen para

unha Bienal en Salamanca mentres estudaba na que quedei finalista.

Pintores que influiron ao longidut da túa carreira profesional?

Todos, absolutamente todos os pintores que con e non so eles/elas senón tamén escultores, músicos, escritores... penso que a un artista inflúelle todo.

A nivel pictórico tes etapas nas que evolucionas, identificas e nutres do que te chama á atención; pero si que hai unha constante que é a admiración pola beleza e... sempre volto os clásicos: Da Vinci, Durero, as pinturas pompeianas, aos frescos das igrexas románicas palentinas, ás artístas botánicas inglesas do século XIX, aos italianos, á pintura oriental, aos prerafaelistas, etc.; todos eles son un influente das miñas obras pictóricas.

Como ves a Arte no mundo contemporáneo?

É moi interesante o emprego de novos materiais, o avance da ciencia, a

tecnoloxía; unhas posibilidades e unhas medios para a fusión de elementos diferentes moi libre. Onde todo ten cabida porque nunca tivemos o acceso nunca so clic a tanta información sobre estilos, épocas, países de todo o mundo. Isto é revolucionario; dándose unha convivencia entre o clásico e o contemporáneo entre ciencia, espiritualidade e arte.

Que proxectos atópaste facendo actualmente?

Actualmente sigo traballando con dous galeristas excepcionais: en Zamora con Ángel Almeida do Espacio 36 e en León con Ángel Cantero.

Dirixo o meu propio Espazo de arte en Vilagarcía de Arousa, onde imparto clases de arte e fago exposicións puntuais a artistas profesionais cos que traballo comisariando colaboracións, proxectos e exposicións. E por suposto traballando no meu Estudio e movendo a miña obra.

Canto hai que chegastes a Vilagarcía

Continúa na páxina seguinte...

Por Avelino Jácome

Soidades do Nadal

No val de Escuadro preto da Igrexa de San Salvador onde veneran a Santa Isabel, virona os veciños andar torcidiña sangrandolle unha á, meteronlle un tiro nun prado de Graba, un cazador asasino, sen corazón. Tirou como pudo, máis non pudo voar, chorando a pobriña bate contra o chan, quen levará a Africa os fillos da derradeira niñada, que con tanto traballo criaron este ano, no niño da cheminea da casa grande ó carón da pista onde baixa o río Toxa camiño do Deza para xuntarse co pai.

Cando era noviña, aquela cegoña na fervenza moceaba, alíse namorou do seu Tepletan, chamaballe así porque ninguén lle gañaba no son do peteiro cando a quería ledosaudar, namorouse a Maleniña o velo tan garboso na cima da rocha, vindo de Fontao, tocaron os picos fixeron balbordo, estiveron de festa case que un mes, as ras da Carixa podeno contar, son amores para sempre, non poden mudar, levan a semente cravada na alma, dúas vidas corren xuntas como os ríos camiño do mar.

Cravada na chousa partida por dentro pideulle chorando que partira xa, os dous cegoñiños teñen que marchar na Cidade do Cabo espera o outro fogar, ti volve para ano, dende marzo se vivo, pretiño do niño eite de agardar, cando cure a ferida cantarei cantigas para non te estrañar, subirei á fonte e vereite na auga, escoitarei nas miñas lembranzas o teu pico soar, coida dos meniños alen dese mar, se morro che pido que volvas casar, meu amor querido doce Tepletan.

Miña queridiña como vou marchar, ferido de morte non podo voar, máis

os pequeniños temos que salvar, meu amorciño pronto ei de voltar, se a xeada te mata e non podes aguantar, xúroche meniña que me irei contigo para o ceo das cegoñas, para o outro mundo eime de ir xa, irei a fervenza onde te coñecin e deitareime na rocha á beira do Toxa, esperando quedo a morte que virá e irei contigo para sempre xuntos poder os dous andar, pideme o que queiras, que o farei por ti, mais non me pidas que viva soño aquí, sen o teu piquiño doce que acariña, sen a tua rísa, nin os teus olliños, pideme o que queiras, que eu cho darei máis sin ti ruliña non podo vivir, nin podo cantar.

Chegou a mañanciña e tiveron que arrincar os dous filliños a carón do pai, no prado da costa cravada non chan, crebada sen forzas, botouse a chorar, adeus meus amores ide con ben, que o deus das cegoñas vaia con vos, que coute a tronada e o vento de cara, que poña a forza para loitar e loitar, que axudes en todo o meu Tepletan, que atopen comida os meus pequeniños, que os coides do mal, sañiños mos leves ó outro fogar.

Pasaron os meses e o tempo mudou, os días cortiños e as noites mais longas que un día sen pan, a pobre Maleniña detras da Igrexa na casa de Arturo entrou de noite na palleira, agochada na herba alí se quedou, esperando a morte antes do nadal.

Emigrantes

O ano pasado Arturo xa viuvo, sen fillos tamén se quedou, marcharon para lonxe, para a emigración, o ver a cigoña lástima que lle dou, foiselle achegando e comida lle levou, agarimos e aceite na aliña mancada lle untou,

ata que a forza de amor a cigoña curou, dúas soidades crebadas, fixéronxe un só neste mundo e camiñaron xuntiños para sempre

Arturo que a coida levaa para a casa prende lume na cociña, quentanse os dous ca leña de carballo que o velliño xuntou, nas súas patiñas ponlle a graxiña sen sal para que o frío non lle manque a pel, ela co pico acariñalle a man, el sinte o agarimo do doce animal esta pequeniña que Deus lle mandou, para que a soidade non o faga chorar máis, agora os dous xuntos nas tardes de sol camiñan un a carón do outro nos prados do val.

Dentro da palleira pasado o Nadal fixeron un niño para que poida criar cando veña en marzo o seu Tepletan, de agora en adiante aniñan na casa

que a atopou Arturo tirada no chan, metida entre as pallas, soíña a chorar, vin-teoito meniños levan criado xa, moitas parelliñas

volver a aniñar son todos os filliños da Maleniña e o Tapletan, os netiños do velliño Arturo, se non me creedes podedesvos achegar o val de Escuadro alí os ides atopar, na primaveira oíredes os picos chocar, os niños preparados listos para criar.

Cando os homes bos loitan por o ben, ocorren os miragres do Nadal, ti decíalo sempre papá, se damos aloumiños Deus daranos agasallos, canta razón tiñas cando cantabas a beira da



de Arturo, despois os filliños ensinaos o pai, a movelas ás e aprenden a voar, cando son grandiños volven marchar, mentres en Escuadro espera de novo, outro ano a Maleniña por o seu cariño o Gran Tepletan.

Cumprese quince aniños esta Nadal

Lareira, ti que perderas tan novo a tua cegoña querida, seguías cada día turrando da vida, sabes o que che digo papá, agora que estamos no Nadal, ti sí que eres o meu Tepletan!

Dedicada a Janet mi chica querida "A Maleniña do Xan"

...Ven da páxina anterior

de Arousa e porque esta localidade?

Foi un cambio na paisaxe.

Vivín en moitos lugares diferentes e Galicia en especial ten maxia, quen non se namora de Galicia?. Esta zoa ten unha luz especial e tamén Vilagarcía é un enclave preto de Vigo, Coruña e Portugal. O ten todo, a paisaxe é un paraíso, Cortegada unha illa ata que se pode

achegar un camiñando... único dentro do parque das Illas Atlánticas, Illa de Arousa, o parque de Barosa, o Terrón en Vilanova, etc. Todos eles son fonte da miña inspiración. E as xentes a calidez vía que fun acollida. Se coñeces a comarca do Salnés... tanto ten Galicia é máxica por todos os recunchos que vaias. A min enfeitizoume, aínda que de cando en cando volvo a

miña terra da montaña palentina co cambio tan profundo de cores, Aguilar de Campóo.

Que te inspira Galicia?

A Natureza, é o osixeno da miña obra o que fai vibrar o meu mundo creativo.

A Natureza é unha constante na túa obra práctica, obxecto patente no teu Espazo en Vilagarcía. É o mesmo que vas a presentar no vindeiro mes

na túa terra, concretamente na Fundación Díaz Caneja?.

Unha grande parte da colección exposta agora, si.

Pero para o Museo levo máis obra xa que o seren unha exposición que representa a transición evolutiva de varias etapas, un percorrido na miña faceta de muralista nuns traballos que farán un esguello as pinturas pompeianas; por outro

lado están os dourados que abre táboa con pan de ouro, e os metalizados. É unha pintura nalgúns obras basicamente abstracta no tratamento dos fondos- aspectos característicos da miña pintura- e o fio conductor da mostra.

Sobre esos fondos coma complemento e remate A Natureza plasmada maiormente de xeito realista.

Opinión

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Carlos Velo no Liceo

A Fundación Carlos Velo celebra no Liceo de Ourense un acto baixo o rubro “O Carlos Velo que coñecemos” ao que fun convidado. Como non vou poder asistir, quéronme sumar ás voces convocadas para contar desde este xornal as vivencias que tiveron co noso cineasta, relatando como e cando o coñecín e que relación tiveron con el, amais dalgunha anécdota que partillamos xuntos.

A primeira vez que tiveron coñecemento de Carlos Velo foi nun parladoiro celebrado na rebotica de Domingo Fernández del Riego á que eu acudía con frecuencia. Nela participaba tamén Antón Velo, o irmán do admirado Pepe Velo, ambos os dous curmáns de Carlos. Era eu aínda un mozo de dezaseís anos que empezaba a iniciarse no galeguismo da man de Xaime Seixas, un crego xesuita que me aleccionou no coñecemento da historia do galeguismo e me introduciu nel, contando coa bagaxe previa que me aportaran os relatos familiares da miña casa, que non foi pouca. Meu pai fora amigo de Pepe Velo e correlixionario no Socorro Roxo.

Chegoume un día, da man de Xaime Illa Couto, cofundador da editorial Ga-

laxia, con moito aquel de misterio, como era costume naqueles tempos, un exemplar da revista Vieiros (1959 – 1968) editada polo Padroado da Cultura de México. Tanto no Padroado como no consello de redacción da revista notábase o maxisterio de Carlos Velo, de Luís Soto, Florencio Delgado Gurriarán e o pintor Arturo Souto, entre outros.

No citado parladoiro da rebotica aluguén fixo mención a un artigo de Carlos Velo publicado no primeiro número da revista titulado “Os Fitos da Xuventude”. A súa lectura foi decisiva no meu compromiso nacionalista, que, co paso do tempo, había ser transcendental por ter responsabilidades anos máis tarde na dirección da entón clandestina UPG. Un dos parágrafos dicía así: “Si, sodes vós, rapaces valentes, avencellados escontra daqueles que aínda teñen un Sorriso firente cando se fala dos “galegos”, sodes vós os que, esbordando os sinxelos anceios estatutarios, teñen que conquistar os fins colectivos...para que o dereito humano da autodeterminación sexa unha realidade económica”.

Pero realmente foi Luís Soto, un

dos fundadores da UPG, o que me aproximou a Carlos Velo. Tanto lle falou Soto de min a Velo, louvando as miñas dotes no liderado da organización, que o deixou prendado da miña humana militancia nacionalista. Pasaron os anos e por volta dos anos oitenta, aproveitando unha súa estadía en Madrid, convidéino a que viñese a Galicia para coñecérmolos personalmente. Sorprendeume que aceptase o convite, sabendo que as súas ocupacións na capital eran moitas. Veu a pé feito para pasarnos un día xuntos e marchar de volta o seguinte. Lembro aquel encontro no que me amosara o seu entusiasta afecto cunha duradeira aperta como se nos frecuentásenos de vello. Puiden telo coñecido na década dos setenta cando Luís Soto me ofrecerá a súa casa de Cuernavaca, lindante, por certo, coa de Mario Moreno “Cantinflas”, para asistir á homenaxe ao poeta León Felipe. Pero non puiden ir e perdín a ocasión de coñecer a Carlos e de paso ao afamado actor. Luís Soto foi o causante da admiración que Carlos tiña por min.

Sabendo que Carlos era biólogo mirei de amañar un barco dun amigo para levarlo a facer unha viaxe pola ría que durou toda a mañá, arrolados polas ondas do mar de Vigo nas que parecíanos escoitar a Martín Codax cantar as súas

cantigas. Botamos tamén pé na illa de San Simón para apreixarmos a lírica de Mendiño.

E atracamos nunha batea. Era a primeira vez que subía a unha e aquilo provocárame unha emoción indescriptible. Foi nesa viaxe cando me dixo que tiña unha espiña fonda cravada por non ter feito a película do secuestro do “Santa María” protagonizada polo seu curmán Pepe Velo. Desá conversa naceu a idea de escribir unha biografía. A través da súa filla Manuela, cantante de ópera con residencia en Venezuela, conseguín o contacto co seu irmán Víctor, que acompañou ao seu pai naquela xesta histórica, que axiña me enviou un mangado de fotocopias de documentos inéditos que logo cedínllos a Antón Piñeiro para escribir unha biografía densa e ben traballada sobre Pepe Velo, despois de renunciar eu a escribila.

O papel de Carlos Velo no exilio mexicano foi fundamental para acrecentar a loita contra a ditadura franquista. Pero tamen apoiando, algo que poucos saben, ao grupo capitaneado por Fidel Castro que preparou en México a sublevación contra Batista. Carlos Velo, unha vida de cine que aínda está por rodar.



Cata dos viños da Ribeira Sacra

José Manuel Balseiro, delegada da Xunta, participou na quinta edición da Cata dos Viños da Ribeira Sacra, onde subliñou o potencial exportador destes caldos, que “levan a marca de Galicia Calidade por todo o mundo”, conquistando mercados en países como Australia, Canadá, China, Francia, Xapón, Estados Unidos e Suecia.

Un total de 57 adegas e 141 viños concorreron a esta cata, que promoven o Centro do Viño da Ribeira Sacra, o Consello Regulador e a Asociación Galega de Enólogos para recoñecer o traballo dos adegueiros da denominación de orixe. Balseiro felicitou aos organizadores pola iniciativa e aos adegueiros da Ribeira Sacra polos excelentes resultados deste ano, e si-

nalou que a Consellería de Economía, Emprego e Industria está a traballar para que o sector siga nesta senda de crecemento. “Este ano imos destinar un total de 5 millóns de euros en axudas ao sector do viño en Galicia, dirixidas á mellora de instalacións de elaboración e comercialización e ás medidas de promoción en terceiros países”, concluíu.



Balseiro cun adegueiro premiado.

Expourense volve posicionarse no calendario de feiras internacionais

O Boletín Oficial do Estado do 28 de decembro pasado recollía resolución da Secretaría de Estado de Comercio que outorga a internacionalidad ás feiras comerciais que se celebran en España, e Expourense renovou esta categoría para dúas dos seus proxectos máis emblemáticos. Estes son Xantar “Salón Internacional de Turismo Gastronómico” que cumpre do 6 ao 10 de febreiro o seu 20º aniversario e, Termatalia “Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar” que é o único proxecto do Mundo que

reúne aos profesionais de varios continentes ao redor deste sector, e celebrará en setembro a súa 19ª edición.

Este calendario que avala o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo contempla un total de 94 feiras internacionais, catro delas en Galicia, das cales as ourensás supoñen o cincuenta por cento da comunidade. A celebración destes dous proxectos, Termatalia e Xantar, representan dous das cinco feiras internacionais de Turismo que se celebran no conxunto do Estado.

No ránking de feiras inter-

nacionais, a provincia de Ourense ocupa a sétima posición a nivel nacional, despois de Madrid, Barcelona, Valencia, Alacante/Elche, Zaragoza e Bilbao. Este é o resultado do labor que a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense veu realizando desde fai vinte anos nas liñas de cooperación transfronteiriça con Portugal inicialmente e con América Latina despois, que converteron a Expourense na primeira institución española en organizar unha feira propia en América Latina (Termatalia Perú 2012).

Durante este ano 2019, Ex-



Vinis Terrae é unha feira bianual e este ano será en abril.

pourense celebrará ademais outro salón que a Secretaría de Estado de Comercio considera internacional “a efectos aduaneiros” que será Vinis Terrae “Salón dos Viños e Licores Galegos de Calidade”. Con estas actuacións este re-

cinto feiral promove sectores endóxeos para Galicia como o termalismo, agro-gandería e viticultura, así como produtos turísticos de calidade, á vez que tende pontes con novos mercados para xerar oportunidades de negocio.

VIVE A **EXPERIENCIA**









20º salón Internacional de Turismo Gastronómico

Ourense, 06 - 10.02 2019



SHOWCOOKINGS



CATAS

#xantarcumple20



RESTAURANTES



TÚNEL DO VIÑO

Programa de actividades e reservas en www.xantar.org











Monforte presidirá a Comisión de Turismo da Rede de Xuderías de España

O alcalde, José Tomé, e a tenente de alcalde, Gloria Prada, asistiron á 50ª asamblea xeral da Rede de Xuderías de España, que se celebrou na localidade extremeña de Hervás. No encontro acordouse que a cidade do Cabe estea presente nos órganos de dirección do organismo. Un dos asuntos que estivo enriba da mesa foi o nomeamento definitivo dos compoñentes da Mesa de Presidencia, que queda do seguinte xeito: Presidencia: Concello de Hervás. Vicepresidencia primeira: Concello de León. Vicepresidencia segunda: Concello de Estella-Lizarra. Vicepresidencia



Asamblea xeral celebrada en Hervás (Cáceres).

segunda: Concello de Lucena. Vogais: Concello de Monforte de Lemos, Concello de Plasencia e Concello de Segovia.

Por outra parte, a asamblea serviu para nomear as comi-

sións de traballo. Monforte presidirá a Comisión de Turismo. A de Educación estará a cargo de Plasencia, mentres que Segovia será quen leve a comisión de Comunicación.

Nova directora do Parador de Turismo

O alcalde de Monforte, José Tomé, recibiu no seu despacho á nova directora do Parador de Turismo de Monforte, Lilian Ferral Martínez e ao anterior responsable e director do Parador de Santo Estevo (Nogueira de Ramuín) Santiago Carrera Cal. Tomé destacou que “abordamos cuestións de interese para dinamizar a actividade do Parador. Monforte, como capital da Ribeira Sacra, atrae

cada vez un número máis elevado de visitantes e, por iso, dende a dirección do Parador e o Concello compartimos o interese de que se siga incrementando a cantidade de turistas que optan por pernoctar na nosa cidade”. O mandatario local amosou a súa satisfacción pola mellora da taxa de ocupación do Parador este ano e remarcou a vontade do Concello para colaborar co Parador de Turismo.



Lilian Ferral, Santiago Carrera e José Tomé.

Deportistas homenaxeados en Monforte

O alcalde de Monforte, José Tomé, recibiu no salón de plenos da Casa do Concello a varios deportistas do Club Taekwondo Neka que nas últimas semanas lograron diferentes resultados deportivos moi destacados. Os atletas homenaxeados foron: Alejandro Losada Rodríguez e Elena Varela de Fátima; Junior Martínez Castillo e Laura Álvarez Suárez e Daniel Arean Grejs.

Con esta recepción, na que se lle fixo entrega a cada un dos atletas dunha reprodución en miniatura da torre da Homenaxe, o alcalde recoñeceu os resultados conseguidos por estes mozos e mozas, que son froito do traballo e a constancia, e animounos a seguir adestrando para conseguir novos éxitos deportivos e, por



O alcalde cos deportistas homenaxeados.

que non, para participar nunha olimpíada, o que sen dúbida sería todo un acontecemento tanto para os atletas como para o Club pero tamén para o Concello de Monforte e tódolos monfortinos. José Tomé

agradeceu o traballo realizado polo Club Taekwondo Neka, que estivo representado polo seu presidente José María Vega, destacando a labor de promoción que fai do deporte monfortino.

Mostra do Certame Galego de arte "José Domínguez Guizán"

Na sala de exposicións da Xunta de Galicia en Lugo, abríuse a mostra das obras presentadas ao XXIX Certame Galego de arte "José Domínguez Guizán", convocado polo Centro cultural que promove o Belén Electrónico de Begonte.



Estará aberta en Lugo ata o 14 de xaneiro, para abrirse o 15 dese mes na Casa da Cultura de Begonte.

Os concellos incrementan a cuantía económica ao Consorcio de Turismo

O Consorcio de Turismo Ribeira Sacra celebrou sesión plenaria na Escola de Hostalería de Sober na que se trataron, entre outros temas, as achegas que realizan os concellos e entidades que forman parte. Tomouse acordo de incrementar para o ano 2019 0,5€/habitante, polo que cada concello achegaría ao Consorcio 1,5€/habitante e o Consello Regulador e a Asociación Ribeira Sacra Rural incrementarían tamén a súa colaboración nun 50%.

Este incremento está xustificado principalmente pola necesidade urgente de contratar persoal auxiliar debido ao volume de carga que aume o Consorcio na actualidade e á demanda de material de información que require de tiradas maiores. Tamén os servizos de mensaxería para a distribución dese material pola cantidade de pedidos que se reciben cada día das

oficinas de turismo de toda Galicia e, cada vez máis, de fóra da nosa Comunidade. Así mesmo, contéplase o progresivo desenvolvemento de ferramentas que sigan a optimizar a plataforma de información turística estreada a comezos de ano. Son os temas máis urxentes en cuestión de financiamento con recursos propios; o resto de iniciativas que se leven a cabo seguirán vencelladas ás subvencións e convenios asinados con Turismo de Galicia.

Foron revisadas e aprobadas as contas por unanimidade. Tamén se avanzou por parte da xerencia o proxecto de turismo familiar que se presentará en FITUR 2019 en colaboración co sector privado da zona. A proposta está relacionada coa parte máis enigmática da Ribeira Sacra e vencellada ás novas tecnoloxías coas posibilidades que nos achega a aplicación da reali-



O plenario celebrouse na

dade aumentada.

Por outra banda, foron entregadas en Cáritas as cestas de Nadal do VII concurso de postais que organiza o Consorcio en colaboración coa entidade


social. Participaron o presidente do Consorcio de Turismo, Luis Fernández Guitián, a tenente de alcalde de Monforte de Lemos, Gloria Prada, e representantes de Cáritas Monforte.

O Museo do Ferrocarril expón unha mostra fotográfica

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, participou na inauguración da exposición, que ao igual que o certame está promovida pola Asociación de Enxeñeiros Industriais de Galicia en colaboración co Colexio Oficial do sector. Balseiro explicou que a mostra “pon o foco no patrimonio industrial, que contribúe a configurar o territorio” e invita a “atopar a beleza en construcións de enxeñería concibidas para ser útiles, rendibles, eficaces”.

A Consellería de Cultura e Turismo colabora con esta exposición itinerante,

que xa estivo na delegación territorial da Xunta en Lugo e permanecerá no Muferga, de Monforte, ata o vindeiro mes de abril. Conforman a mostra 30 fotografías que teñen por obxectivo poñer en valor o importante papel deste colectivo profesional na sociedade e mostrar o abano de atribucións e competencias relacionadas co sector. En concreto, son as 25 fotografías máis votadas nas redes sociais do Colexio Oficial, máis 5 fotografías rescatadas polo xurado de entre o resto das que se presentaron ao concurso.



As fotografías estarán expostas en Monforte ata abril.



Monforte, capital da Ribeira Sacra



A Xunta restaurará o conxunto etnográfico das pallozas do Cebreiro

A Consellería de Cultura e Turismo vén de licitar o contrato para a realización de traballos de reparación, restauración e conservación preventiva no conxunto etnográfico das pallozas do Cebreiro, no Concello de Pedrafita do Cebreiro, por un importe de 180.000 euros. O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, visitou as pallozas e explicou que se levarán a cabo actuacións de conservación e mantemento nas catro que forman o conxunto: a palloza Museo, a palloza do Quico e as de Campelo e Galán.

As principais intervencións consistirán na substitución do colmo de palla das cubertas, que será completa en tres delas e parcial na do Quico, onde se aproveitarán os mollos que se atopen en boas condicións. Tamén se reparará a estrutura de madeira da cuberta da Palloza Museo. Igualmente,



Catro pallozas de Pedrafita do Cebreiro compoñen o conxunto etnográfico.

procederáse a substituír ou reparar lousas nos accesos en canles perimetrais, melloraranse as instalacións de electricidade e iluminación, e aplicaranse tratamentos para evitar os ataques de insectos xilófagos ás estruturas de madeira. As obras terán un prazo de execución de catro meses.

Visitantes

As catro pallozas do Cebreiro que forman o conxunto están baixo a xestión da Xunta de Galicia. No que vai de ano, entre xaneiro e novembro, vi-

sitaron a Palloza Museo 14.896 persoas. Os máximos rexistros de visitantes danse entre os meses de maio e outubro. Maio foi precisamente o mes de maior afluencia desta anualidade, cando se contabilizaron 2.278 persoas. O Goberno galego tamén propiciou recentemente o acondicionamento da contorna grazas a unha achega de 30.000 euros de Turismo de Galicia ao Concello para a mellora do pavimento de pedra das rúas interiores do pobo e a posta en valor da fonte pública da localidade.

Yolanda Vázquez recibe o premio Condado de Pallares

O XII Premio de Investigación Condado de Pallares recaeu na investigadora Yolanda Vázquez que exerce de mestre en Sober. O deputado provincial de turismo, Eduardo Vidal, dixo que "este traballo ten un gran valor, xa que os caneiros son parte do noso patrimonio, tanto material como inmaterial, pois reflicten un xeito de vida ligado ao Río Miño, eixo vertebrador da provincia. Esperamos que grazas a esta investigación se poñan en valor esta sinal de identidade tan característica da Reserva da Biosfera das Terras do Miño. É necesario conservar e recuperar os Caneiros, tecendo un camiño

de puntos de interese patrimonial e etnográfica ao longo do río que poidan supor o desenvolvemento cultural e turístico".

O deputado lembrou outras iniciativas do Goberno da Deputación para o mantemento da cultura tradicional "por exemplo acabamos de presentar o proxecto sobre o Pito Pastoril Galego, que realiza o investigador Efraím Díaz, co fin de revalorizar este instrumento tradicional; ou o traballo de José M. Salgado no que homenaxea aos oficios tradicionais, a través do libro "A Idade do Ferro".

Este certame está dotado con 3.000 euros e a publicación

da obra, e premia traballos de divulgación sobre historia, lingüística, arqueoloxía, antropoloxía, etnografía e folclore no ámbito territorial das localidades que integraban o Condado de Pallares. Nesta edición o xurado estaba composto por Carlos Balloñas Pérez, Gonzalo Francisco Fernández Suárez e Fernando Arribas Arias; tres profesionais do sector cunha traxectoria ampla e recoñecida. A decisión de premiar esta obra foi unánime, ao considerar que o traballo aborda un tema que non fora tratado en anteriores edicións, e conta cun profundo interese, xa que existe constancia dos caneiros dende e Idade Media.

O mosteiro de Pantón terá hospedería

A Consellería de Cultura e Turismo acondicionará no mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón unha hospedería con seis habitacións, catro delas dobres e dous individuais, cando finalice o proceso de restauración dunha parte dese monumento, obras que saíron a licitación por un importe de 523.511 euros e un prazo de execución de seis meses. O delegado territorial da Xunta, José Manuel Balseiro, visitou o mosteiro en compañía do redactor do proxecto, Iago Seara. Balseiro subliñou que "este proxecto de restauración vai permitir recuperar a tradición da hospedería monástica nesa contorna única, ampliando se cabe os atractivos do mosteiro e mesmo do municipio" de Pantón.

Esta actuación céntrase na restauración, posta en valor, conservación e mantemento da antiga hospedería, a casa do capelán, a torre barroca e a

planta baixa do á este de o mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón, que na actualidade atópanse sen uso. Ademais realizaranse diversas actuacións para reducir a humidade e mellorar a accesibilidade dos espazos rehabilitados, ademais de instalar novos aseos exteriores. O obxectivo é dedicar estes espazos a hospedería e a tarefas divulgativas no ámbito da Ribeira Sacra, polo que se rehabilitará o espazo en desuso da hospedería e da casa do capelán. Ademais acondicionarase a planta baixa da fachada principal como recepción e para actividades divulgativas sobre a contorna.

Para poder desenvolver os traballos necesarios, o pasado mes de outubro, a Consellería de Cultura e Turismo asinou un convenio coa comunidade cisterciense do Divino Salvador de Ferreira de Pantón para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución destas obras.



Mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón.

Sober acepta a tarifa simplificada da Sociedade de Autores

O Concello de Sober e a Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE) asinaron un convenio a beneficio das festas populares do municipio. O acordo baséase na adhesión de Sober a un plan de tarifa plana que a SGAE puxo en marcha para municipios que non superen os 3.000 habitantes. No acto da sinatura estiveron o alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, e o director da SGAE no Noroeste, Miguel Diéguez Díaz.

A partir deste documento, os dereitos de autor serán xestionados en Sober a través dun importe fixo anual. “Isto suporá ao municipio un aforro admi-

nistrativo e un maior control orzamentario”, explicou este mediodía Miguel Diéguez: “Permitirá a Sober celebrar cantos eventos desexa por unha cifra preestablecida. A tarifa plana cobre verbenas, romarías, bailes e, en definitiva, a maioría de actividades enmarcadas nas festas populares”.

Sober é o primeiro municipio da Comarca de Lemos en adherirse a esta tarifa simplificada da SGAE. “En Sober celébranse anualmente entre 15 e 20 festas populares, ademais doutras actividades culturais que organiza o propio concello”, declarou Luís Fernández Guitián. O edil puxo

de manifesto “o importante aforro que suporá este convenio, tanto en xestión burocrática coma en orzamento”. Engadiu que “as festas seguirán a celebrarse co mesmo apoio económico do Concello e, cos cartos que aforren, poderán dedicar máis recursos a outras actividades”. O alcalde de Sober recomendará a outros municipios da rexión que se adhiran a este convenio, que lles permite beneficiarse da tarifa simplificada por dereitos de autor e, ademais, regularizar a celebración das súas festas populares “dentro da legalidade”.

Na base do acordo están os



O alcalde Luís Fernández Guitián con Miguel Diéguez.

dereitos de autor, recollidos pola Lei de Propiedade Intelectual e que debe recoñecer toda entidade que organice un evento onde se interprete repertorio protexido. No caso de festexos de acceso público gratuito, tales como verbenas e

festas populares, a tarifa aplicada por SGAE e aprobada polo Ministerio de Cultura é o 7% do orzamento. Non obstante, co novo convenio, as festas de Sober poderán celebrar, cunha tarifa anual fixa, cantas actividades desexen.

A Escola de Hostalería de Sober imparte cursos de viticultura

Dezaseis alumnas e alumnos cursan na Escola de Hostalería da Fundación Belarmino Fernández Iglesias, de Sober, o único ciclo de formación profesional na provincia de Lugo dedicado ao mundo do viño. Este centro é un dos catro que en Galicia imparten estas ensinanzas que permiten obter o título de técnico superior en vitivinicultura.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, acompañado do alcalde da localidade, Luís Fernández Guitián, coñeceron o funcionamento do novo ciclo que capacita para traballar neste sector que ademais rexistra unha crecente demanda de persoal cualificado. “Ten todo o sentido que unha zonas produtoras de viño máis importantes de Galicia, como é a Ribeira Sacra, poda contar con formación específica e especializada, para formar a futuros profesionais que sigan apostando pola produción de vides e viño, para seguir creando caldos de excelente calidade”, explicou Balseiro.

Perfil profesional

En concreto, requiren este perfil profesional empresas dedicadas á pro-

dución de uva, á elaboración, crianza e envasado de viño e na elaboración de destilados de viño, concentración de mostos, vinagres e outros produtos derivados da uva e do viño. O alumnado titulado pode acceder a diferentes ocupacións, as principais son as de técnico vitivinícola, técnico en análise sensorial, encargado de recepción de mostos frescos e sulfitados, supervisor de columnas de destilación e concentración, encargado da liña de envasado de destilados, concentrados e vinagres e encargado de envellecemento e crianza de destilados e vinagres.

O novo ciclo superior en vitivinicultura ten unha duración de dous anos académicos (2000 horas) e impártese como ensinanza do réxime ordinario. Ademais do CPR Belarmino Fernández Iglesias de Sober, tamén forma parte da oferta do IES do Ribeiro (Ribadavia), do IES Ramón Cabanillas (Cambados) e do CIFP da Granxa (Ponteareas). “O Goberno galego segue apostando pola FP que ten demostrado ser unha ensinanza práctica, de calidade, diversificada e con moitas saídas”, concluiu o delegado.



Exterior da Escola de Hostalería de Rosende, en Sober.



Concello de Sober

O Alcalde, Corporación e persoal do Concello de Sober deséxanlles

o mellor en 2019

Democracia Ourense descualifica o festival de cinema

Democracia Ourense comunica que a “23 edición do festival de cinema de Ourense foi un fracaso de participación e seguimento, máis ou menos como as 22 anteriores. En polo menos o 50% das proxeccións, non se chegou ao 20% do aforamento na nova edición do festival independente de Ourense”. Democracia Ourense sostén que “realmente este festival do que é independente é de público”. Cualifica de sanguento casos como proxeccións do cineclub, onde a entrada era gratuíta e aínda así só foron 28 persoas a unha proxección, ou 3 ao Liceo”. “Se dividimos o custo do festival polo número de espectadores totais, cada entrada superou os 60 € de custo, 9 veces máis que unha entrada do xaro cinema comercial”.

Non ten sentido que a De-

putación de Ourense use o diñeiro dos contribuíntes, en pagar caras entradas de cinema para o 1% da poboación. Doutra banda, a repercusión mediática do Ourense Filme Festival foi nula fose da provincia, co cal a promoción de Ourense foi de cero. O festival volveu a ser unicamente un baño de vaidade para os políticos que xogan durante unha semana para vivir en Hollywood.

Gonzalo Pérez Jácome anuncia que, “xa que DO gobernará esta cidade a partir de maio, ademais de ser chave na Deputación, podemos dicir que esta XXIII edición do OUFF sería a última edición tal como coñéceselle. Citar que en todas as edicións do festival de cinema ourensán, están a lume de biqueira as galas de inauguración e clausura, precisamente onde non se cobra nada. O diñeiro público non está

para pagar os visionados de películas independentes para 4 ó 400 ourensáns”.

Democracia Ourense afirma que “fará un festival de cinema sen custos para o contribuínte totalmente autofinanciado, e que terá máis asistencia de público a partir de 2019. É máis, en 2019 involucrarase a toda a cidade; entre outras cousas, farase un premio para o mellor curto e vídeo de ourensáns gravados con móbiles, sub-18 e seniors, e onde se votarán por internet por todos os ourensáns. Trátase de facer unha festa do cinema local”. “E por suposto proxectaremos películas, como unha mostra máis tb, pero sendo festival con premios honoríficos e onde as películas serán sufragadas polo público asistente, o cal terá a última palabra de se o festival continuará ou non, a partir de 2020”.

Inaugúrase a mostra “Faílde Mestre Escultor”



A mostra está na sala José Ángel Valente, rúa Paseo 20.

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, referiuse á mostra “Faílde Mestre Escultor” inaugurada en Ourense como a proba de que as tradicións non escravizan, nin atan, nin son un atranco para o progreso, senón que, pola contra, aseguran unha evolución que pode evitar ou cando menos limitar os erros do pasado. Ao respecto, recordou que o artista ourensán soubo crear obras orixinais, marcadas co seu selo inconfundible, sen romper por elo cunha tradición na que se

sentía inscrito.

Feijóo aseverou que nestas obras, debuxos e deseños “nos reencontramos co noso”. “Está quizais a prehistoria galega; está a idiosincrasia dos primeiros poboadores, o xenio do Mestre Mateo, as conversas de Antón Faílde con Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo, as ensinanzas de Luís Fernández Xesta e Daniel Piñeiro. Está a creatividade máxica do mestre escultor que louvamos. E está tamén a pedra seca que acaba de ser declarada Patrimonio Inmaterial da Humanidade”, abundou.

Adegas de Ribeira Sacra recibiron as medallas da revista HG&T

A entrega destes diplomas certifica que obtiveron algunha medalla de ouro ou prata nas catas celebradas neste quinquenio, demostrando que seguiron apostando pola calidade nun período de plena crise. O presidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, José Manuel Rodríguez, fixo de mestre de cerimonias. Os premios foron entregados por Guillermo Campos, fundador de revista Hostalería Galega e Turismo; María Campos, directora da publicación, e Victoriano Castro, director comercial.

O acto foi a segunda parte, desenvolvemento, da Gala do Turismo e a Gastronomía de Galicia celebrada no Carballiño na



primavera, na que foran proclamadas esas distincións. Naquela ocasión fíxoselle entrega aos consellos reguladores e entidades asimilables representantes dos colectivos produtores, as certificacións acreditativas dos podios conseguidos polos seus representantes. A entrega dos diplomas da Ribeira Sacra forma parte dun completo calendario no que se entregaron as distincións ás máis de 300 marcas

distinguidas durante estes anos.

No primeiro trimestre de 2019, HG&T anunciará a convocatoria da Gala do Turismo e a Gastronomía de Galicia 2019, na que se proclamarán os podios das catas celebradas ao longo de 2018, coa que finalizarán as celebracións do XXV aniversario da fundación e edición ininterrompida da revista sectorialmente hexemónica no cuadrante noroeste peninsular.

O alcalde “popular” descoñece as opinións do presidente do PP

No apartado de rogos e preguntas da sesión plenaria celebrada no Concello de Ourense, Ourense en Común interpe- labo ao alcalde a aclarar se respalda as palabras do presidente do Partido Popular cando se refire á violencia machista como intrafamiliar ou doméstica. O rexedor, Jesús Vázquez, esquivou a cuestión alegando descoñecer unha cuestión como ésta de rigorosa actualidade.

Perante a actitude do alcalde, o voceiro de

OUC, Martiño Xosé Vázquez, manifestaba que “namentres o equipo de goberno do Concello de Ourense non se aparte da posición do seu partido político, non compartiremos a faixa contra as violencias de cada primeiro luns de mes”, convidando aos demais grupos da oposición a seguir o mesmo proceder, e concluíndo que o posicionamento que está tomando o Partido Popular “constitúe un retroceso aos anos 70 logo do avanzado en décadas”.

Brasil, país convidado en Xantar 2019

Brasil participará como país convidado en Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, que celebrará a súa vixésima edición en Expourense entre o 6 e o 10 de febreiro de 2019. Este país, que participa por primeira vez, estará representado pola Prefeitura Municipal de Foz de Iguaçu, o segundo destino elixido polos estranxeiros que visitan Brasil que alberga as famosas Cataratas de Iguaçu, unha das Sete Marabillas Naturais do Mundo, que comparte con Arxentina e Paraguai. Trátase do

centro xeográfico do Mercosur e o Destino Igazú recibe máis de 5 millóns de turistas ao ano entre os que se inclúen os que visitan as cataratas, a central hidroeléctrica de Itaipú Binacional e os que participan nos eventos organizados nel, xa que é tamén un destino MICE (Meetings, Incentives, Conferencing, Exhibitions).

Brasil súmase así á rede de cooperación iberoamericana de Xantar mantén con varios dos países que xa participaron como convidados e que continúan vinculados ao proxecto

estando xa confirmada a súa presenza de novo na edición de 2019. Este é o caso de México, Panamá e Costa Rica.

Foz do Iguaçu contará cunha caseta promocional do destino e un restaurante propio dentro do salón no que ofrecerá un menú degustación dalgúns dos produtos máis típicos do Estado de Paraná, no que se sitúa esta cidade. Trátase dunha gastronomía con raíces indíxenas (Tupí-guaraníes e Macro-Jés) influencia durante o paso dos séculos polos inmi-



Xantar celebrárase do 6 ao 10 de febreiro en Expourense.

grantes españois, portugueses e, a partir do século XIX, tamén pola chegada de alemáns, italianos, polacos, ucráinos e rusos, fundamentalmente. No século XX esta gastronomía re-

cibe tamén a influencia de xaponeses e árabes e doutras correntes migratorias máis próximas como os paulistas e mineiros do Norte de Paraná ou os gauchos do Suroeste.

Expourense asina convenio de colaboración co municipio luso de Vizela

Continuando co seu labor de cooperación transfronteiriza, a fundación de feiras ourensá integra a unha nova entidade portuguesa na súa rede, tras a firma dun convenio entre Víctor Hugo Salgado, presidente da Cámara Municipal de Vizela, e o director xerente de Expourense, Alejandro Rubín. O acto desenvolveuse neste municipio, situado no corazón da rexión miñota, a oito quilómetros de Guimaraes, e estivo arroupado por números membros da corporación, ade-

mais do apoio da Rexión de Turismo Porto e Norte de Portugal.

Entre os recursos turísticos de Vizela destacan, xunto ao patrimonio, a súa cociña e repostería tradicional e os seus viños verdes, que se promocionarán na próxima edición de Xantar, que cumpre vinte anos do 6 ao 10 de febreiro en Expourense. O terminalismo é outro dos seus valores diferenciais, xa que existen instalacións termiais propiamente ditas desde o ano 1785, que na actualidade es-

tán a ser renovadas e serán inauguradas a comezos do 2019. As súas augas mineiro-medicinais que brotan a diferentes temperaturas están indicadas en reumatismos crónicos, afeccións neurolóxicas e traumáticas, vías respiratorias ou doenzas da pel. A nova infraestrutura termal darase a coñecer tamén na feira internacional de Termatalia o próximo mes de setembro.

O convenio de cooperación asinado contempla outras



Alejandro Rubín coa corporación municipal de Vizela.

accións de intercambio para favorecer o desenvolvemento destes sectores, como é a presentación de produtos enogastronómicos de Vizela a empresarios galegos do sec-

tor, e iniciativas de difusión que contribúan a dinamizar os intercambios comerciais e o turismo de proximidade dentro da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Seguros
Servizos Ourense
☎ 678 578 161
988 044 834
www.servizosourense.es

CARNICERÍA MARIVAN
abierto los domingos
C/Faustino Santalices - esquina Pablo Picasso - Ourense
Tlf. 639 58 04 30

jba servicios inmobiliarios
Francisco de Moure 22 Baixo, Ourense
☎988 10 20 75 ☎629 83 67 48
www.inmobiliariajba.com
jba.couto@ymail.com

Orixe
PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN
988 60 70 75
Diseño - Impresión - Rotulación - Merchandising
www.orixepublicidade.es
Rúa Francisco de Moure 20 • Ourense

A Xunta apoia a candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial

O Consello da Xunta deu o visto e prace, o día 27 de decembro, ao decreto polo que se declara Ben de Interese Cultural (BIC) a paisaxe cultural da Ribeira Sacra. Un día despois o presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avanzou, no acto de apoio da candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial, a posta en marcha en 2019 do Plan Ribeira Sacra, que permitirá coordinar e xestionar de xeito global os investimentos das distintas administracións nesta área; “en definitiva, unha ferramenta que sumando esforzos multiplique resultados”, aseverou.

Durante o acto Feijóo subliñou ademais que coa declaración como BIC, a candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial sobe un novo chanzo. “Un obxectivo que pode darlle moito a esta terra: máis actividade, máis dinamismo, máis turismo e máis valor engadido aos produtos locais, dun xeito especial aos caldos desta rexión vitivinícola”, dixo, subliñando que, deste forma, podería ser a primeira rexión vinícola española

e a primeira paisaxe relacionada co viño no país que logra este recoñecemento, sumándose a outras europeas como Burdeos ou Borgoña, por exemplo.

BIC

O responsable do Executivo autonómico destacou e recoñeceu o labor da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, para lograr xestionar esta declaración como BIC no prazo máis curto posible e co máximo rigor. E recordou que, ademais de non afectar á actividade agraria, o procedemento contou cunha ampla participación social e institucional, celebrándose xuntanzas cos 22 concellos da área xeral de estudo, coas Deputacións de Lugo e Ourense, co Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, coa Denominación de Orixe da Ribeira Sacra, cos axentes económicos e culturais da zona, e cos responsables do desenvolvemento da figura de protección como Reserva da Biosfera, entre outras.

Así mesmo, subliñou que o consenso e o acordo permitiu que xa se leve un ano aplicando



O acto para apoiar a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Unesco celebrouse en Pantón (Lugo).

provisionalmente o réxime de protección desta paisaxe cultural con toda normalidade; e co obxectivo de poñer en valor este enclave, caracterizado polo seu excepcional Románico, polo seu patrimonio antropológico, pola súa impresionante xeografía física ou polas antigas e ousadas mostras de enxeñaría asociadas ao cultivo das vides.

“Todo isto deu lugar ao recoñecemento dunha extensión duns 180 quilómetros cadrados cun réxime de protección específico, baseado na protección integral das manifestacións re-

levantes do patrimonio cultural construído; no establecemento das medidas de salvagarda do patrimonio cultural inmaterial; e na conservación e mantemento das características dunha paisaxe construída que queremos conservar, promover, difundir e rendibilizar”, abundou, lembrando que son máis de 1.200 os bens singulares, clasificados en: 70 BICs no territorio dos 22 concellos; 512 bens inmobles catalogados no ámbito da paisaxe cultural da Ribeira Sacra; e 634 bens inmobles catalogados en todo o territorio da Ribeira Sacra de

carácter sacro.

Feijóo concluíu aseverando que a declaración de BIC supón “o broche perfecto” para pechar o Ano Europeo do Patrimonio Cultural, declarado polo Parlamento Europeo. Non en van, para celebralo, Galicia contou cun programa de máis de 300 actividades, baixo o lema “Somos patrimonio”, e que tivo como colofón a inclusión da pedra seca galega, o pasado mes de novembro, na lista representativa do patrimonio inmaterial da Unesco, como parte dunha candidatura conxunta de oito países europeos.

“Castelao e Prada: Irmaus”, acto en lembranza dos dous intelectuais

O conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, participou no acto “Castelao e Prada: Irmaus” no que se recordou, co gallo do 69 aniversario do pasamento de Castelao, o vínculo que gardaban estes dous intelectuais.

Con motivo desta homenaxe, o titular de Cultura destacou que ambos intelectuais foron “galegos que fixeron país desde a Arxentina” e enalzou a figura de Rodolfo Prada. Román Rodríguez, avanzou que a Xunta

está a traballar na planificación do programa de actividades co que se conmemorará, no ano 2020, o centenario da Xeración Nós e no que Ourense xogará un papel principal. “Traballamos para facer deste fito algo memorable e á altura do talento dos seus protagonistas”.

A este acto conmemorativo tamén asistiu o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García. Ademais, interviñeron Manuel Baltar, presidente da Deputación de Ourense, Ramón Villares, catedrático da Univer-

sidade de Santiago de Compostela e académico numerario da RAG, e Luís González Tosar, presidente do Centro Pen Galicia.

Tosar dixo que coñecera a Rodolfo Prada Chamochín nos anos 50 do século XX en Bos Aires e recordou que “era orensanista, patriótico, galeguista e republicano”. Falou Tosar da creación do Centro Ourenzano de Bos Aires xa que Castelao sostíña que a unidade de Galicia tiña que ser provincial “e así a concibiu Castelao e o executou Prada”.



O acto celebrouse na antiga biblioteca da Deputación de Ourense.

Para Gonzalo Caballero este ano “vai marcar o peche do ciclo de Feijóo” á fronte da Xunta

Gonzalo Caballero, debullou as liñas mestras que guiarán o traballo dos socialistas no ano que acaba de comezar e que “vai marcar o peche do ciclo de Feijóo” á fronte da Xunta.

Nese senso, o líder dos socialistas galegos remarcou que o partido ten “forza e vitalidade” e que está “nunha posición de potencialidade e fortalecemento que nos dá vantaxes á hora de competir” e que o sitúa “en condicións de manter os gobernos onde gobernamos, e de avanzar onde non o estamos facendo”.

E é que, como plantexou Gonzalo Caballero, hoxe a dereita “está fragmentada en tres” e, en concreto, o PP está sufrindo “un retroceso político

como non tivo dende a caída da UCD nos anos 80”.

A iso uniu que, tras case unha década de goberno do PP, o balance de Feijóo é o “dun presidente afastado da realidade de Galicia”. “Está ausente e carece de proxecto, o que amosa un esgotamento na súa xestión política”, recalcou o máximo dirixente do PSdeG, quen sinalou “a necesidade de impulsar un proxecto de futuro”.

Así é que, proseguíu, “os socialistas iniciamos este ano cunha axenda política de actividade intensa”. De feito, avanzou unha reunión da Comisión Executiva Nacional Galega o vindeiro sábado e o funcionamento do Comité Electoral ata maio.

Sanidade

O líder socialista reclamou máis recursos para o sistema sanitario público, ao obxecto de frear a fuga de médicos da nosa comunidade debido á “falta de condicións de traballo dignas” que impón o Sergas; así como o aumento no peche de camas e na desaparición de servizos.

Neste escenario, recomendou a Feijóo “que cese a aqueles responsables públicos que son incapaces de dar solución aos problemas” existentes, pois “a mobilización vai ser tan forte que se pode levar por diante ao presidente da Xunta”.

Pacto PP-VOX

Finalmente, o secretario xeral do PSdeG chamou ao presidente da Xunta a “posicio-



narse con claridade” sobre “os pactos que o PP de Aznar e de Pablo Casado quere selar coa extrema dereita”.

“Está de acordo coa recentralización, coa eliminación

do estado das autonomías, coa retirada da lei de violencia de xénero...?”, inquiriu, para incidir en que Feijóo “ten que posicionarse e ser coherente”.

O BNG denuncia na Eurocámara as batidas de raposos en Galiza

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda, presentará diversas iniciativas no Parlamento Europeo para denunciar as batidas de raposos previstas en Galiza a partir do 7 de xaneiro. Miranda denuncia asemade que estas prácticas se desenvolvan baixo a xustificación de “actividade deportiva”.

Para Ana Miranda “esta práctica non é defendible baixo ningún aspecto, pero moito menos como actividade deportiva”. A eurodeputada galega critica, por outro lado, que as batidas previstas contén co patrocínio do goberno galego, así como Ence e o concello de Cerdedo-Cotobade, “tal e como figura nos seus carteis de publicidade. “Disparar a seres vivos non pode conside-



rarse como actividade deportiva”, salienta.

A eurodeputada nacionalista amosa o seu apoio as iniciativas desenvolvidas pola asociación Libera, que explica que entre 2011 e 2017 foron tiroteados máis de 75.000 exemplares “por simple disfrute”. Para o BNG non existe ningún tipo de xustificación a este feito e pese a que non existe ningún censo científico sobre o número de zorrros en Galiza, a Xunta autorizou polo menos 7 batidas nas catro provincias.

Contaminación por chumbo

Por outro lado, esas batidas supoñen unha “presión intolerable para o medio ambiente” con cans e cazadores acosando a diferentes especies e o emprego de perdigóns de chumbo. “Non só atopamos unhas prácticas que non son deportivas senón que por riba son tremendamente contaminantes para o noso medio”, subliña Miranda, quen insta a rematar con estas batidas, “inxustificadas e inxustificables desde todos os puntos de vista”.

Compromiso por Galicia pide un plan plurianual para incentivar o comercio vigués

Desde CxG queren prolongar os incentivos desde o concello para incrementar o consumo nos comercios locais da cidade.

“O comercio local é motor de economía e emprego na cidade, pero as medidas de incentivo deben ser eficaces durante todo o ano” indica o responsable local en Vigo dos galeguistas, Xoán Antonio Cortés. Na mesma apunta para o éxito da campaña do Nadal, mais esta ten que prolongar con outras medidas para o resto do ano incluíndo un maior aproveitamento dos cruzeiros que visitan Vigo así como a celebración de eventos como Conxemar ou o Marisquiño.

Para os galeguistas, a oposición no concello liderada polo PP, nunca apostou de maneira clara polo comercio local.

Cortés, fala dunha oposición sen ideas e totalmente deixada

de man sobre os problemas reais da cidade. “Non podemos ter unha oposición sen ideas de futuro e sen propostas para sacar a Vigo da parálise económica, social e inclusive poboacional na que vivimos”. “Entretanto o PP como principal partido da oposición está mais preocupado en defender os intereses partidistas de Feijóo e da súa Xunta na área metropolitana, que en realmente dar solucións para mellorar a calidade de vida dos vigueses e viguesas”.

“Non pode ser que a oposición instaure un relato delirante sobre o tema das luces do nadal. O de En Marea protestando pola grande afluencia de público na chamada “milla de ouro” da nosa cidade entra xa no ridículo, dicindo que perxudica ao resto dos comercios da cidade. Non teñen un plano para Vigo, o seu modelo de cidade é inexistente”

Novas da Raia

Redacción

Autarquia promove ação de fogo controlado em Covas e Sapardos

Dando continuidade à execução do Plano Regional de Fogo Controlado da CIM do Alto Minho, iniciado em 2018, a Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira arrancou este novo ano de 2019 com uma intervenção nas freguesias de Covas e de Sapardos, queimando cerca de 15 hectares. Objetivo é concretizar mais ações de prevenção da floresta contra incêndios em pontos previamente identificados.

Pela preservação e valorização da vasta mancha verde que abraça o seu território, Vila Nova de Cerveira tem vindo a implementar um vasto programa de ação para a defesa da floresta contra incêndios, com recurso a orçamento municipal, mas também a cofinanciamento.

Entre março e julho do ano passado, a Câmara Municipal, com o apoio de diversos parceiros, interveio numa área correspondente a 110ha, através da limpeza de faixas de gestão de combustível nas freguesias consideradas prioritárias, da beneficiação de pontos de água, da limpeza de caminhos florestais e da abertura de cor-



ta-fogos, num investimento superior a 150 mil euros.

No arranque de mais um ano civil, uma equipa multidisciplinar esteve, esta quarta-feira, dia 2 de janeiro, nas freguesias de Covas e de Sapardos para uma ação de fogo controlado abrangendo uma área de cerca de 15 hectares. A iniciativa, que contou com o apoio do Município de Vila Nova de Cerveira e respetivas Juntas de Freguesia, teve a colaboração da Equipa de Intervenção Permanente (EIP) dos Bombeiros Voluntários de Vila Nova de Cerveira, da Equipa de Sapadores Florestais SF20-111 de Vila Nova de Cerveira,

além da coordenação técnica da CIM Alto Minho, e do Serviço Municipal de Proteção Civil de Vila Nova de Cerveira.

De realçar que este tipo de intervenção permite criar uma descontinuidade dos combustíveis que, em caso de incêndio, dificulta a sua propagação, permitindo aos dispositivos atuar com mais eficácia e segurança. Ao longo deste ano de 2019, o objetivo é o de prosseguir com mais ações de fogo controlado no território concelhio que visem a limpeza de pontos previamente identificados e a formação das equipas responsáveis pelo combate aos incêndios.

Aumentan os peregrinos que cruzaram a fronteira Valença-Tui

A Eurocidade Tui é, cada vez mais, o epicentro das grandes rotas dos Caminhos de Santiago. Em 2018 foram 81.652 os peregrinos que passaram ou começaram a sua peregrinação na Eurocidade. Em 2014 eram 35.494, um aumento exponencial de 130% de peregrinos oriundos de todos os cantos do mundo.

A aposta na dinamização e promoção do Caminho Português para Santiago, interior e da costa, está a dar, cada vez mais, os seus frutos. Os últimos dados, fornecidos pela Oficina do Peregrino da Xunta de Galicia, apontam a Eurocidade

Valença Tui, cada vez mais, como esse grande referente para quem quer começar e ou passar na sua peregrinação em direção a Santiago de Compostela. Estes valores são o reflexo, também, dos investimentos promocionais realizados em Portugal e no estrangeiro pela Câmara de Valença em parceria com Tui e a sociedade Xacobeo.

Em 2014 foram 34.715 peregrinos que fizeram o Caminho Português do Interior, 14,59% do total dos que chegaram a Santiago de Compostela. Em 2018 foram já 67.816 a fazer este percurso representando 20,72% do total que receberam a bula compostelana.

Éxito da Exposição "Da Batalha de La Lys ao Armistício"

O Museu Municipal de Caminha tem patente ao público, até ao dia 31 de janeiro, a exposição "Da Batalha de La Lys ao Armistício - Os Caminhenses na Grande Guerra", que destaca e homenageia os soldados caminhenses que participaram na Grande Guerra. Esta exposição já foi visitada por mais de meio milhão de pessoas.

A exposição é composta por três núcleos. O primeiro dá enfoque à Batalha de La Lys; o segundo, dá a conhecer os caminhenses na Grande Guerra, onde se podem ver os rostos e percurso de vida dos cerca de 150 homens que

combateram na Primeira Grande Guerra e, por último, existe um núcleo dedicado a Sidónio Pais, um Presidente da República natural de Caminha. Esta mostra está a ser um sucesso, uma vez que o número de visitantes já ultrapassa o meio milhão.

Esta exposição fez parte das comemorações "Do Armistício da Grande Guerra ao Assassinato de Sidónio Pais" promovidas pela Câmara Municipal de Caminha em parceria com o Agrupamento de Escolas Sidónio Pais, com o objetivo de assinalar dois factos históricos: o Armistício e o assassinato de Sidónio Pais.

Jovens cerveirenses desafiados a apresentar projetos para executar em 2019

Já está no terreno uma nova edição do Orçamento Participativo Jovem (OPJ) de Vila Nova de Cerveira. A partir de hoje, os jovens entre os 15 e os 35 anos têm até dia 18 de janeiro para apresentar as suas propostas ao OP Jovem 2019. Reformulação do processo participativo por parte da Câmara Municipal procura um maior envolvimento da comunidade escolar e associativa.

Para além de sensibilizar a população jovem do concelho para uma cidadania mais ativa, a

iniciativa tem como objetivo reunir opiniões e contributos que permitam adequar as políticas públicas municipais às suas necessidades e perspetivas.

Com um orçamento total de 10 mil euros, o processo do OP Jovem está delimitado a projetos cujo valor máximo seja de 5 mil euros e que integrem as quatro áreas de intervenção selecionadas: Ação Social; Espaços Escolares; Equipamentos Culturais e Lúdicos; e Proteção Ambiental e Energia.

Monção social: Assinatura de protocolos de colaboração com entidades parceiras

No passado dia 20 de dezembro, ao final da tarde, no auditório da Biblioteca Municipal de Monção, foram assinados 15 protocolos de colaboração com entidades candidatas às medidas de apoio do Programa “Monção Social”: atribuição de bens de apoio, apoio à vacinação infantil, participação em medicamentos, apoio de integração em creche, e apoio ao transporte de doentes não urgentes.

Devido à especificidade e particularidade da medida de apoio à recuperação de habitações degradadas, esta não foi objecto de protocolo de colaboração, sendo as situações definidas caso a caso. Com a presente assinatura, abre-se a porta ao processo de candidaturas dos municípios interessados em beneficiar destas medidas, cuja dotação financeira anual são 100.000,00 €.

Visivelmente satisfeito, João Oliveira, referiu tratar-se de “um dia importante e feliz para a comunidade mon-



çanense” que resultará “num maior equilíbrio social e na valorização da qualidade de vida das pessoas mais vulneráveis da nossa sociedade”.

Acrescentou: “O Monção Social, compromisso assumido no nosso programa eleitoral, reflecte a aposta séria que o atual executivo coloca na área social e revela a imagem que Monção é, cada vez mais, um concelho inclusivo, aberto e solidário”.

Os agradecimentos, vindos do coração, surgiram no minuto seguinte: “Estou muito

feliz pela concretização do Monção Social no primeiro ano de mandato. Quero agradecer a todas as pessoas e entidades que tornaram possível esta realização. Por tudo que representa, os monçanenses podem sentir-se orgulhosos”.

Lembrando que “o programa Monção Social é muito mais que a assinatura destes protocolos”, António Barbosa, referiu que “o trabalho efectuado no âmbito deste projeto será desenvolvido com tranquilidade, ponderação e

longe dos focos mediáticos”.

“Queremos ajudar quem mais precisa sem necessidade de vermos a nossa intervenção reportada na comunicação social. Fazemo-lo com o objetivo de garantir dignidade às pessoas com dificuldades. Um aperto de mão, um beijo ou um abraço é suficiente” adiantou.

E porque é importante chegar a todo o lado para que o programa tenha eficácia e cumpra a missão que esteve na génese da sua criação, António Barbosa, após agradecer às entidades presentes, convidou as forças vivas do concelho a envolverem-se no projeto, sinalizando a comunicando à autarquia situações de vulnerabilidade existentes.

O Programa “Monção Social” tem como objetivo responder às necessidades sociais, económicas e de saúde da população local, consagrando seis medidas de apoio, estabelecendo regras objetivas e garantindo o respeito pelo princípio da igualdade.

Visita de trabalho ao abrigo de animais

O abrigo de animais está praticamente pronto. Dias atrás decorreu uma visita de trabalho entre o presidente da autarquia, António Barbosa, os vereadores João Oliveira e Duarte Amoedo, e responsáveis da Associação “Rafeiros e Companhia”, para acerto dos últimos pormenores.

Foram equacionados alguns trabalhos suplementares para garantir maior funcionalidade do espaço e segurança dos animais, bem como a instalação de um serviço de videovigilância, de forma a prevenir e desencorajar eventuais situações menos agradáveis com os animais, vindas do exterior do recinto.

O abrigo de animais disponibiliza 19 boxes, cada uma com capacidade para três animais, representando um investimento próximo de 30 mil euros. O espaço será gerido pela Associação “Rafeiros e Companhia”.

Alvarinho e arte: uma lição de vida

Um final de tarde apaixonante. Entre o Alvarinho de Anselmo Mendes e a Arte de Manuel Malheiro. Dois monçanenses de excelência. Provaram-se cinco vinhos de características distintas. Olharam-se igual número de obras inspiradas naquele néctar precioso. Colhido num território de eleição. Monção e Melgaço.

A apresentação esteve a cargo de Ricardo de Campos. Falou de arte, vinho, amizade e criatividade. Um brinde a

tudo isso. António Barbosa sublinhou a ligação perfeita entre o Alvarinho e a Arte. E agradeceu a demonstração de amor à terra de Anselmo Mendes e Manuel Malheiro. Grandes talentos que primam pela diferença, disse.

A história do Alvarinho foi contada por Anselmo Mendes. Romanos, monges, enólogos, empresários. Um trajeto que fez do vinho muito mais que uma simples bebida. Trata-se, acentuou, de um produto cultural gerado com esforço, pai-

xão e cumplicidade.

Manuel Malheiro não falou. Deixou que fosse Helena Mendes Pereira, curadora com ligações à Bienal de Arte de Cerveira, a traduzir com palavras assertivas, as pinturas expostas na sala do território do Museu do Alvarinho.

Enalteceu o relacionamento apertado, quase umbilical, entre o Alvarinho e a Arte. A profundidade, o aroma, a acidez de um lado “aconchegada” no espaço, colorido e textura do outro. Olhamos



melhor. Abanamos a cabeça. Na vertical.

Vieram os copos de pé alto. Com Alvarinho dentro. Para mais uns minutos de conversa e aprendizagem. Sobre Alva-

rinho e Arte, claro. Aqui está mais uma das Expressões do Alvarinho. Saímos a saber mais do que entramos. Afinal de contas, tanto um como outra são uma lição de vida.

Manuel Angel Carreira Varela, Premio do Certame Galego de Arte de Begonte



Máis aló desta vida. Manuel A. Carreira Varela

En Lugo, na sala do edificio administrativo da Xunta de Galicia, reuniuse o xurado do XXIX Certame Galego de Arte “José Domínguez Guizán”, formado por: Aurelia Balseiro Rodríguez (Directora do Museo Provincial de Lugo), Manuel Gulín Rodríguez (Pintor), Gonzalo Sánchez Folgueira-Zalo (Pintor), e Xulio Giz Ramil (Secretario, sen voz nin voto, en representación do Centro cultural José Domínguez Guizán de Begonte).

Por unanimidade, acordaron manifestar a súa satisfacción pola cantidade, vintecinco, e

calidade das obras presentadas, con un abano de temas e estilos dun excelente nivel, merecendo destacar a obra da máis moza dos participantes, Emma María Rego Eiroa, de 15 anos de idade, de Viveiro, coa súa obra “Morriña”, como exemplo de aprendizaxe temperá; e as dos máis veteranos Carmen Lolo Pombo e Luís Maceira Crespo, polas súas sempre excelentes aportacións, exemplo de dedicación e entusiasmo pola arte da pintura.

O premio José Domínguez Guizán, dotado con 1.500 € e estatuiña de Sargadelos, concedese á obra “Máis aló desta

vida”, presentada polo pintor lucense Manuel Ángel Carreira Varela.

Pola calidade dos seus traballos, concédense cadansúa Mención De Honra, dotada con estatuiña de Sargadelos, ao artista de orixe vilalbés, residente en Cambados, Eduardo Pérez Baamonde, e a Manuel Carballeira Rivas, natural de Sistallo-Cospeito e veciño de Valdoviño, pola obra “Aínda serra”.

A entrega de premios efectuarase o próximo 26 de xaneiro de 2019, sábado, no decurso dos actos de clausura de O Nadal de Begonte.

Lidia Senra e Paula V. Verao reclaman un plan integral para o desenvolvemento das zonas galegas de montaña



A deputada galega no Parlamento Europeo Lidia Senra, membro do Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL), acompañada pola deputada de En Marea no Parlamento Galego Paula Vázquez Verao, visitaron o xoves pasado a feira de Becerreá, co obxectivo tamén de reunirse con compañeiros e compañeiras da montaña lucense e analizar as prioridades de traballo para este semestre do 2019 que comeza. Senra e Verao ven necesario que as Administracións públicas poñan en marcha canto antes un plan integral para o desenvolvemento das zonas de montaña galegas, dotado con capacidade orzamentaria suficiente para blindar todos os servizos sociais públicos hoxe en perigo ou serio deterioro.

Neste sentido, as dúas deputadas comprometéronse a presentar nos próximos días iniciativas tanto no Parlamento Europeo como no Galego para reclamar que se atendan as necesidades destas zonas e dos seus habitantes, se preserve o patrimonio e se apoie a agroecoloxía e o ordenamento forestal. “Urxe aplicar políticas que permitan

manter unhas montañas vivas”, declarou Senra, que considera fundamental levar a cabo un maior e correcto desenvolvemento da Lei de Dependencia e “imprescindible” a apertura de Centros de Día en todos os concellos e maior apoio público para o coidado dos nosos maiores a través do SAF (Servizo de Axuda no Fogar).

“As zonas de Montaña galegas vense moi afectadas pola falta de servizos de atención á Dependencia, debido ao seu avellentamento e escaseza de poboación, así como polas súas menores facilidades para a comunicación”, denuncia Vázquez Verao, que considera que nos concellos lugueses da montaña son precisas máis horas do SAF, tanto para persoas valoradas como dependentes como para persoas que o precisan para mellorar a súa autonomía persoal. “A situación de falta de horas de SAF e falta de servizos de Centro de Día conleva que moitas persoas de mediana idade teñan que renunciar á súa vida laboral para atender a persoas maiores e dependentes, nun contexto de baixos salarios e baixas pensións”, denuncia a deputada.

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXO ATLÁNTICO

JORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLARCIA